



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE REDONDELA PARA AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA MARISMA E REHABILITACIÓN DA AVENIDA MENDIÑO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Redondela, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Redondela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2017.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Redondela, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Humanización do entorno do pavillón polideportivo da marisma e rehabilitación da avenida Mendiño”**.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Redondela (Pontevedra) trata de promover unha actuación consistente na **“Humanización do entorno do pavillón polideportivo da marisma e rehabilitación da avenida Mendiño”**.

As obras consisten na creación dunha beirarrúa perimetral que permita o acceso ao pavillón cumprindo as condicións da normativa de supresión de barreiras arquitectónicas. Crearanse dúas ramplas para facilitar accesibilidade dende a parcela contigua de aparcamento, e repararanse as beirarrúas e calzada existente anteriormente ao pavillón, favorecendo o tránsito con mellora substancias para persoas con mobilidade reducida. Efectuaranse diversas melloras na rede de alumeadado público modificando a posición de postes fora da beirarrúa, ampliando así o para os peóns.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela , 14 de xuño de 2016. María Encarnación Rivas Diaz,
Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

